

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 30 DE ABRIL DE 2024**

1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00020656W.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos e revisión do IPC polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2024 ata o 30 de abril de 2025.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, propiedade de D. José Luís Romero García, casado en réxime de gananciais con Dña. Marisol Lamas Suárez, con, e D. Antonio Lamas Señarís e Dña. Josefa Suárez Suárez, casados en réxime de gananciais, polo prazo de un ano a contar desde o 1 de maio de 2024 ata o 30 de abril de 2025.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data de 12 xuño de 2007, na súa cláusula segunda establécese que a partir do ano 2009 o prezo de alugamento incrementárase conforme á variación do IPC dos últimos doce meses, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (abril de 2023 ata abril de 2024). A renda definitiva a partir do 1 de maio de 2024 fixarase unha vez sexa publicado o IPC do mes de abril de 2024. Para o mes de maio de 2024 satisfarase a renda actual por importe mensual de 874,81 € mais IVE (total: 1.058,52 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 12.702,24 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, dos seguintes exercicios: Anualidade 2024 (01/05/2024 ata 31/12/2024): 8.468,16 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente. Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 30/04/2025): 4.234,08 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de abril de 2024 efectuarase a revisión correspondente con efectos dende o 1 de maio de 2024, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade).